

Suma o teu CAMINO.

Seguimos camiñando para reivindicar unha sociedade acolledora e inclusiva. Situacións de conflito armado, como ocorre na actualidade en Ucraína, Siria, Iemen, Etiopía e moitas outras rexións do mundo; empobrecemento e desigualdade; falta de acceso aos recursos vitais; e o cambio climático provocan que máis de 100 millóns de persoas se vexan obrigadas a moverse polo mundo.

Expresamos **10 DEMANDAS** aos e ás representantes das institucións europeas para que garantan o cumprimento dos dereitos humanos das persoas que se ven obrigadas a buscar refuxio lonxe dos seus fogares:

10 /

- CAMINOS DE HOSPITALIDAD

11 caminos.hospitalidade.es

01 FOMENTAR A PAZ

como único camiño posible para a convivencia entre os pobos. O diálogo e o entendemento deben ser os instrumentos para garantir unha paz duradeira e sólida no mundo.

02 GARANTIR

efectivamente o dereito a solicitar asilo na Unión Europea e as políticas de protección da poboación que foxe do horror da guerra, tendo especialmente en conta as persoas que poidan atoparse en condicións de maior vulnerabilidade. Co exemplo da poboación ucraína, demostrouse que se hai vontade política estas respostas de hospitalidade poden ser posibles.

03 ESTABLECER

vías seguras e legais de acceso e estadia, e **PROMOVER** os procesos de reasentamento, visados humanitarios e reagrupamento familiar.

04 AMPLIAR

os sistemas de acollida das persoas que chegan, así como os sistemas de acollida dos solicitantes de protección internacional, garantindo prazas suficientes e unhas condicións mínimas de dignidade.

05 DEFENDER

na UE que o novo marco normativo que conforma o denominado Pacto Europeo sobre Migracións e Asilo se basee na auténtica solidariedade entre os países europeos e nun compromiso cos Dereitos Humanos e os valores da Unión.

06 POÑER FIN

ás prácticas migratorias represivas que xeran sufrimento, como a detención, internamento e

retornos sumarios de migrantes, tanto no territorio como nas fronteiras terrestres e marítimas.

07 PROMOVER

a integración como un proceso bidireccional que reconece e valora a riqueza de culturas diversas, contribuíndo a formar unha auténtica cidadanía global consciente das causas da migración forzada e do refuxio e comprometida coa solidariedade, os dereitos humanos e a construción dunha cultura de hospitalidade.

08 SALVAR VIDAS

de persoas que cruzan fronteiras e **DEFENDER** as organizacións humanitarias e os defensores dos dereitos humanos que loitan polos seus dereitos.

09 FLEXIBILIZAR

os requisitos e procedementos de renovación e obtención de permisos de residencia e/ou traballo para combater irregularidades inesperadas e promover a inclusión social e a igualdade de oportunidades, especialmente no contexto post-COVID-19.

10 REFORZAR

a Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, destinando o 0,7 % da Renda Nacional Bruta á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), o 10 % da AOD á Axuda Humanitaria e o 6 % desta á educación nestes contextos, para garantir o dereito a unha educación de calidade das persoas refuxiadas e os nenos, nenas e adolescentes migrantes en todos os países e circunstancias.